

Sororidade e Terra

XLV Romaxe de Crentes Galegos/as
Carballeira de Santa Minia, Brión
09 de setembro de 2023

Sororidade e Terra

Brión 2023

Texto para compartir
na celebración da XLV
Romaxe de crentes
galegas e galegos

Asociación Irimia

09 de setembro de 2023

Asociación IRIMIA
Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela.
irimia@irimia.gal
www.irimia.gal

Xela G. Caballo - Ilustración portada e contraportada.

BENVIDA

Exeria e Guieira/o inician a celebración, no medio do campo. A un lado, nunha tarima, os músicos. Diante deles unha mesa cun mantel dobrado e unhas flores. Cerca estarán as xerras co viño e cestas co pan que no seu momento se poñerán na mesa

Guieira/o e Exeria.- (ás 12h) BO DÍA ROMEIRAS E ROMEIROS!!!

Romaxe.- Bo día!

Guieira/o.- Saudámosvos, xentes amigas, chegadas desde as diferentes terras de Galicia ao abrigo desta carballeira de Santa Minia, en Brión. Este ano a romaxe vai ter como fío condutor a sororidade.

Romaxe.- Sororidade e terra,
que bonito lema!

Guieira/o.- Fixádevos que non estamos subidos nun estrado coma outros anos, senón a rente da terra. Iso xa vos pode dar unha pista do ton da celebración. Hoxe acompañanos unha muller que de sororidade, de autoridade desde abaixo, sabe moito. Temos con nós a Exeria, a peregrina galega do século IV, a primeira muller escritora da Hispania.

Romaxe.- Bo día, Exeria!

Exeria.- Bo día, romeiros e romeiras. Moito gorentaba de vir á romaxe. Despois de 45 anos, xa era tempo de que vos acordarades de me convidar!

Romaxe.- Es benvida,
muller peregrina!

Exeria.- Eu son Exeria, a peregrina e investigadora que viaxou a Terra Santa entre os anos 381 e 384, visitando os lugares que xa coñecía por ter lido deles, e recollendo todo o que vía e descubría para as miñas irmás e compañeiras, un grupo de mulleres, lidas coma min, con moitas ganas de coñecer todo o que lles ía contando. A elas dediquei o *Itinerario* que escribín mentres viaxaba.

Guieira/o.- Ah, pero na Gallaecia do século IV había mulleres estudosas?

Exeria.- Claro! Igual que había homes que estudaban. Se non o sabíades é porque sempre se están a facer lecturas machistas da historia, e as mulleres quedamos sen nomear!! Con todo, o importante non é que estudemos, senón como o facemos: en círculo de autoridade, sen superiores, apoiadas unhas nas outras, de xeito que todas medremos.

Guieira/o.- Círculo de Autoridade! E quen era a directora, logo?

Exeria.- Non, ho, non. Non me entendes. Autoridade vén do latín *augere*, facer medrar. Os cargos están relacionado co termo *potestas*, poder. Por iso está mal dito cando se di que alguén é autoritario. Ás persoas autoritarias deberíase-lles dicir potentadas: exercen o seu poder sobre ou a conta doutras. A autoridade recoñécese nas persoas que nos fan medrar, que nos achegan vida e sabedoría.

Guieira/o.- Vaites, vaites, como as nosas avoas e nais, por exemplo, sempre apoiando e sostendo, sen poder para impoñer as súas decisións cando non coincidían coas decisións do avó ou o pai...

Exeria.- Si, máis ou menos... Dígovos isto porque hoxe a Romaxe vai ter moito da autoridade desde abaixo que fai medrar a outras persoas. E xa vos poño o primeiro exercicio de hoxe, asemblea. Pensade un minutíño en quen vos fai medrar, quen vos achega sabedoría ou vos alimenta a esperanza desde lugares de non-poder, desde abaixo. Pensádeo e dicídelo o seu nome á persoa que tendes cabo de vós. Se alguén o quere berrar, tamén pode.

Romaxe.- *(Cada un pensa e di o nome de persoas ás que recoñeza autoridade na súa vida)*

Guieira/o.- Vaites. Non pensei que houbera tanta autoridade na sala.

Romaxe.- É a autoridade
dos fillos e fillas de Deus,
que nos vén do noso irmán maior,
Xesús!

Exeria.- Exacto. Mira que ben sabedes de que vos falo! Este ano a romaxe quere recoñecer a autoridade silenciosa das mulleres. Por iso estamos na Carballreira de Santa Minia, porque ela é un exemplo das mulleres anónimas que deron a súa vida pola causa do Reino.

Guieira/o.- Minia é unha desas santas non recoñecidas pola oficialidade da Igrexa. Parece que foi unha moza que morreu mártir en Roma, no ano 362. Estivo soterrada na Catacumba de San Calixto ata que no século XVIII levaron os seus restos a Andalucía e de alí foi traída a Brión, onde se lle erixiu esta capela.

Romaxe.- As voltas que dá a historia,
dende Roma ata Brión,
e hoxe na romaría,
Minia dános a súa beizón.

SORORIDADE E TERRA

Exeria.- Pois si. O caso é que Minia nos serve de marco para falar doutras moitas mulleres que no calado, desde abaixo, constrúen Reino. Hoxe a romaxe quere recoñecer de modo especial a experiencia das relixiosas que, a principios dos anos 70, impulsadas polo Concilio Vaticano II, saíron dos seus conventos nas cidades e vilas para formar comunidade cos máis empobrecidos da nosa terra, o mundo da aldea.

Romaxe.- Coñecémolas ben
andan entre nós,
sendo semente de vida
na súa opción polos pobres.

Guieira/o.- Si. Para quen esteades aquí de novas, sabede que dende os últimos anos 70 ata os inicios deste século XXI houbo comunidades relixiosas que fixeron opción de vida na aldea. Alí onde non chegaban mestres nin escolas, iniciaron un proxecto de acompañamento constituíndo a “Rede de Comunidades Relixiosas no Mundo Rural Galego”.

Romaxe.- Ben sabemos,
as comunidades da montaña
do Courel ata o Cebreiro.

Guieira/o.- Efectivamente! A idea partiu de tres comunidades que residían na montaña de Lugo: a das Servas de S. Xosé en Visuña, no Caurel, as Apostólicas do Corazón de Xesús de Peites, en Ribas de Sil, e a Compañía de María do Hospital do Cebreiro.

Exeria.- Foi auténtica opción preferencial polos pobres, da que tanto se fala na Teoloxía da Liberación. Empezaron a coordinarse nas súas accións pastorais e aos poucos se foron xuntando outras comunidades.

Gueiro.- Exacto! Aínda que o colectivo non estaba claramente definido, nos anos 80 participaban deste proxecto comunidades de 10 congregacións relixiosas diferentes.

Exeria. Ben cho sei! Na provincia de Lugo as Carmelitas da Caridade (as Vedrunas) estaban en Navia de Suarna, as Relixiosas da Asunción en Sarria, a Sagrada Familia de Burdeos en Baralla e Abadín, as Franciscanas da Divina Pastora en Louxada (Samos) e Muimenta, as Relixiosas do Neno Xesús en Fonsagrada e as tres xa nomeadas de Visuña, Peites e Hospital do Cebreiro.

Guieira/o.- Na provincia da Coruña as monxas da Compañía de María abriron casa en Bazar e as Pontes de García Rodríguez, as Fillas de Xesús estaban en Barro (Noia) e as Doroteas en Galegos.

Romaxe.- O pazo de Galegos coñecémolo ben!
Moitas iniciativas fixo florecer.
Por moitos anos tivo alí o seu fogar
a Festa do Lume, historia a recordar.

Exeria.- Na provincia de Ourense as Carmelitas Tareixas de San Xosé estaban en A Gudiña e as Carmelitas da Caridade (as Vedrunas) en Pontedeva.

Romaxe.- Benvidas todas
nesta romaxe sorora!

Exeria.- Pois sería ben que algunhas daquelas relixiosas tomaran a palabra e nos contara como foi esa experiencia. Destaco delas ese colocarse nos lugares do non-poder, pero con moita autoridade desa que fai medrar... E aínda que puidera haber xente que non reparara no seu traballo, eran poderosas como poderoso é Deus, que transforma desde o pequeno, desde abaixo.

Romaxe.- Desde a Romaxe
agradecemos e recoñecemos o seu labor,
a semente do Reino
que foron deixando entre nós.

Guieira/o.- Pois si. Por iso convidamos a falar nesta Romaxe a dúas mulleres ben coñecidas e queridas: Pilar Wirtz, da Compañía de María, que animou aquel proxecto e participou na comunidade de Bazar e Reme, das Doroteas de Galegos, un espazo no que Irimia estivo tan presente. Fixádevos que agora que marchan dos seus lugares, están a deixar as casas a disposición da veciñanza, tanto en Galegos coma en Bazar.

Romaxe.- Estas mulleres son
verdadeiro signo
de encarnación na aldea.

Exeria.- Por favor, irmás, compañeiras, xa sei que non sodes moito de poñer-vos á vista pero hoxe é preciso. Vinde aquí ao medio e contádenos como sentíchedes todo aquilo, que pousos vos deixou.

Pilar Wirtz.- Non nos resulta doado expresar en poucas palabras o que supuxo aquela experiencia tan rica, tan diversa e, ao mesmo tempo, tan unitaria e tan de irmás e irmáns. Desde o principio o intento era realizar a nosa vida relixiosa dun xeito sinxelo, vivindo como unhas veciñas máis, en aldeas apartadas do mundo

rural galego. Repartidas en pequenas comunidades, solidarizándonos coa xente, coas súas loitas e esperanzas, compartindo momentos de festa e dor, abrindo a nosa casa e acudindo ás dos demais. No vivir cotián íanse creando relacións de amizade, nun continuo dar e recibir, cada quen desde as súas posibilidades e saberes. ¡Moito aprendemos naqueles anos! Nalgún caso, mantendo grupos periódicos de reflexión, achegando coñecementos, pero tamén aprendendo da fonda sabedoría da vida e das ricas experiencias reais dos veciños.

Reme.- Moitas de nós pasabamos horas acompañando e escoitando ás persoas que pola súa situación, enfermidade ou vellez vivían con especial dureza a soidade. Outras, colaborabamos nos labores do campo, ensinabamos a ler ás persoas que o pedían, apoiabamos aos rapaces e rapazas nos seus estudos, alertas sempre ao que fose xurdindo. Algunhas vivían a súa profesión como mestras ou enfermeiras dentro da zona.

Pilar Wirtz.- En xeral, eramos persoas lúcidas e críticas ante as situacións de inxustiza á que está sometido o mundo rural galego, comprometidas con outros movementos e mesmo participando nas loitas sindicais. Normalmente, cando era posible, levabamos a pastoral da zona, animabamos comunidades de base en conexión co Movemento Rural Cristián Galego. Todo dun xeito sinxelo e moi en contacto coa vida. Viviamos a nosa fe en galego, sintonizando cos movementos que buscaban nesta mesma liña.

Reme.- A pesar de moitos fallos e limitacións, cremos, dito sexa con toda modestia, que, o noso modo de vivir sinxelo e próximo unido a nosa entrega ás persoas máis necesitadas, transparentaba evanxeo e era un referente claro da igrexa de Xesús no medio dos pobres.

Guieira/o.- É bo e de xustiza tamén que a xente nova recoñeza e valore estas mulleres que, coma Xesús, camiñaron no abaixamento. Que vexan os froitos, pequenos, silenciosos, daquel movemento de mulleres a prol do mundo da aldea.

Romaxe.- Querémoslos ver!!

Exeria.- Aínda vos digo máis. Hoxe hai institutos de ensino secundario en todas as vilas, pero daquela os únicos espazos nos que a xente moza de poucos recursos podían continuar estudos eran os Seminarios de Santiago, Mondoñedo, Tui, Ourense ou Lugo. Pero as mulleres non tiñan entrada neles polo feito de ser mulleres...

Romaxe.- Entón as mozas do rural
que querían estudar,
non tiñan onde ir?

Guieira/o.- Para facilitarlles o estudo, en Santiago, no ano 1970 iniciouse o proxecto Lareira. As relixiosas do Sagrado Corazón deixaron os seus hábitos e clausuras para abrir unha residencia para as mozas que viñan a Compostela estudar o bacharelato e logo facérense mestras ou ATS. Esta casa primeiro estivo na rúa de San Roque e logo na de Xazmíns. Dirixiron o proxecto primeiro Engracia Vidal Estévez e logo Teresa Mailly.

Exeria.- A casa organizouse en sororidade e circularidade: monxas e mozas compartían todas as tarefas: facían quendas de limpeza, poñían para os gastos nun peto común, xestionaban os cartos e levaban todo entre todas. Na casa non había capela. No salón celebrábanse xuntanzas de todo tipo, mesmo políticas, tamén celebracións...

Guieira/o.- Outro exemplo de circularidade nesa mesma casa foi a formación dun grupo de teoloxía plural, integrado por cregos, relixiosas, laicas e laicos, animado por Andrés Torres Queiruga, que empezou no ano 1970 e aínda segue existindo hoxe. Un grupo no que a circularidade é a forma normal de traballar cos textos, todo un exemplo de autoridade posta ao servizo da xente, autoridade que fai medrar!!

Romaxe. Benia a quen ama
e traballa desde abaixo,
a quen fai Reino!

Guieira/o.- Esta vida de autoridade e servizo, de facer medrar desde o calado, de xuntar forzas nunha causa común quéreme soar a unha canción que cantaba Leilía... *A voz das amigas*, feita a partir dun poema de Yolanda Castaño. A ver se hai por aí unha pandeireta e cantamos....

CANCIÓN: A Voz das amigas

A miña voz, compañeiras, non naceu para afastar.
Se non fose por vosoutras, como ía camiñar?
Miña irmá, miña irmá, miña amiga,
tan igual a min e tan distinta, dáme a man e faremos cordada,
ven comigo, miña camarada. (bis)

A miña voz, compañeiras, tráioa para partillar.
Se non fose por vosoutras, como ía camiñar?
Miña irmá, miña irmá, miña amiga,
tan igual a min e tan distinta,
dáme a man e farémonos grandes,
temos xuntas a forza dos mares. (bis)

A voz das miñas amigas dáme folgos pra avanzar.
 Se non fose por vosoutras, como ía camiñar?
 Miña irmá, miña irmá, miña amiga,
 tan igual a min e tan distinta,
 todas xuntas non temos fronteira,
 ven comigo, miña compañeira. (bis)
 Miña irmá, miña irmá, miña amiga,
 tan igual a min e tan distinta,
 dáme a man e faremos cordada,
 ven comigo, miña camarada,
 todas xuntas non temos fronteira,
 ven comigo, miña compañeira.

Guieira/o.- Pero deamos un salto e veñamos ao presente. Tampouco é casualidade que, desde a montaña de Lugo, xurda a REDE DO RURAL, unha iniciativa de diferentes colectivos que piden que se incorpore nos estudos universitarios formación específica relativa á educación en territorios rurais (www.rededorural.org). Ou as diferentes iniciativas de labregos e labregas que buscan ofrecer produtos de calidade,

Queremos comer para que todas e todos comamos alimentos de proximidade, libres de especulacións e pesticidas...

Exeria.- As aldeas galegas están vivas, porque hai nelas xente de boa vontade que mira por elas e por nós, que traballa desde o respecto co medio natural, en circularidade e xustiza. Mulleres e homes que non pensan no traballo agrícola coma explotación, senón coma coidado e valor, respecto e atención, agarimo e fondura.

Romaxe. Son as nosas nais,
 coidadoras de terras e pobos,
 as que nos alimentan e sandan
 con mimo xeneroso.

Exeria.- Estamos en Brión. Nesta comarca da Maía e Sar en 2005 agromou un proxecto que puxo en valor os saberes das mulleres rurais.

Guieira/o.- Estendeuse aos concellos de Ames, Rois, Dodro, Brión,... Traballan arreo para socializar e non individualizar, buscando o que non existe, facendo que as normativas se flexibilicen para dar lugar á vida. Mesmo traballan para aca-

dar un rexistro sanitario colectivo, que non é outra cousa que a unión dos pequenos para non afogar perante as esixencias de normativas e burocracias que se fan pensando nos grandes.

Romaxe.- A unión dos pequenos, forte alianza
non afogarán ante o medo que avanza.
Burocracias pensadas pros grandes,
Unidos non quedan rendidos.

Exeria.- Seguro que todas e todos sabedes do proxecto Amorodo, o mercado lusco-fusco en Compostela, a Asociación de produtores Lentura, o grupo de técnicos Chimpín... Todas esas iniciativas están agora callando nunha nova asociación, Daquí Darredor, que busca xestionar un espazo colectivo de produción, transformación de alimentos e comercialización non só de produtos do agro senón tamén animais. Ata soñan cun matadoiro móbil, o primeiro en Europa! O pe-tisco co que vos recibiu hoxe a Romaxe, o posto cos produtos de horta que temos hoxe na Romaxe, proceden destas iniciativas.

Guieira/o.- Hai unha muller, romaxeira de pro, que empurra con outra moita xente neste proxecto colectivo e que nos pode contar polo miúdo o que para ela significan estes 17 anos de agromar de iniciativas na aldea. Recibimos a Carme Freire.

Romaxe. Bo día Carme,
amiga e compañeira,
loitadora no pequeno!

Carme Freire. Bo día a toda esta romaxe de xentes benqueridas que seguimos a crer na importancia da utopía, na forza da palabra e dos actos consecuentes, na revolución necesaria do pequeno e do feminino, no necesario do colectivo e do plural...

Pois si, van alá uns case 18 anos desde que unhas poucas persoas nos xuntamos na Maía e no Sar, coa idea clara de que xuntarnos para vender un pouco de todo e moito de nada era unha aposta necesaria e de futuro. A nosa reflexión era que tiñamos que recuperar as relacións humanas para recuperar outras formas de alimentarnos e de producir alimentos, para non perecer en mans das multinacionais e dos gobernos que as promoven e alentan. Así, empezamos a xuntarnos persoas, na maioría mulleres (pero non só), labregas e non labregas, do rural e do urbano, para tecer unha rede de mercados, de relacións, de ferramentas para achegar alimentos, sabores, saberes e sentimentos desde as nosas casas a outras casas, aos comedores escolares, ás tendas e restaurantes que tamén queren contribuír a recuperar diversidade, conversas, confianza...

E nesas seguimos, a rede foise facendo máis acolledora e a forza máis grande. Petamos a varias portas co convencemento de que as infraestruturas públicas e colectivas tamén tiñan que servir para crear e desenvolver traballo no rural. Nós precisábamnos unha cociña onde poder transformar os excedentes das nosas hortas para vende-los a cara descuberta, sen que se nos considerase ilegais por querer seguir sendo pequenas, artesáns e por seguir apostando pola economía “humana”, agora chamada circular, sostible, ecolóxica...esa da que tanto sabemos de sempre...as mulleres.

E non temos unha cociña... temos dúas e outras que se contaxiaron de ilusión no Eume, en Ourense, en Ribadeo... están tamén en marcha e na rede que acolle. E temos xa en marcha o proxecto dun matadoiro móbil de aves e coellos para ir polas aldeas... e os mercados labregos consolidándose cada vez con máis persoas que nos re-encontramos para alimentarnos, de-construír e construír. Nos comedores escolares e colectivos cada ano hai máis alimentos labregos, e cada vez somos máis as que cremos que, como titularon Calín e Emilio Carral no seu libro, O PEQUENO É GRANDE.

Romaxe.- Benia a quen constrúe
desde o abaixo,
a quen fai Reino!

Guieira/o.- Que ben se está tan ben arrodado! Fagamos tres tendas nas que entrar a escoitar a tantas mulleres grandes no pequeno, que nos dan medida, mulleres das que non se fala nos *mass media*, pero que son o cerne da nosa sociedade galega.

Romaxe.- Porque Galicia é aldea,
Galicia é mar e terra!

Exeria.- Sabendo de todas estas achegas de circularidade, resulta duro achegarse hoxe á Igrexa rural galega... As parroquias esmorecen, e estamos faltos de proxectos de Igrexa a carón da terra. Se queremos que perdure o que as monxas achegaron nas aldeas, non podemos seguir esquemas de poder senón esquemas de autoridade – circularidade.

Guieira/o.- O retroceso eclesial dos últimos 40 anos tamén se nota na formas actuais da igrexa. Quen manda é o cura, e a pastoral agoniza en servizos relixiosos pagados. Demasiado clericalismo abafa as comunidades. E as persoas conformámonos con pagar polos servizos pastorais, porque nos costa sacar tempo e ganas para loitar por outra igrexa posible.

Exeria.- Pero tamén hai outra Igrexa que está a agromar, que se está a facer posible. Mirade o exemplo de Mandiá, no que o cura se bota a un lado para deixar medrar a comunidade. Ou o traballo pastoral nos Cotos, na Diocese de Tui, os grupos de formación que sosteñen as Mulleres Cristiás Galegas, o oracional galego en podcast *Nas túas mans*, que pon palabra e oración nas nosas vidas, a Escola Galega de Espiritualidade, que segue dándonos espazo para o afondamento e a palabra, os Foros de Encrucillada, que nos fan pensar noutra Igrexa posible...

Romaxe.- Amén de todos os grupos e comunidades que seguimos camiñando.

Guieira/o.- Iso é: apostemos polas pequenas experiencias de vida e circularidade... Hai que empezar a pensar desde o pequeno, para desde abaixo construír unha renovada Igrexa galega.

Romaxe.- Benia a quen constrúe no pequeno a Igrexa galega!

CANCIÓN: Noso Pai-Nai Galego

Noso Pai que estás no ceo
dende a terra de Galicia,
chamamos pola irmandade,
berramos pola xustiza.

O teu Reino veña a nós,
que é de xustiza e verdade;
pra lle sermos fieis queremos
sementar sororidade.

Dá Ti o pan de cada día,
que no mundo o alimento
sexa repartido ben,
que ninguén viva famento.

Perdóano-las ofensas
e concédeno-lo don
de ser bos e xenerosas
pra aprendérmo-lo perdón.

Se andamos na tentación,
se é que ten que vi-la proba,
que saiamos máis humanos
cunha conciencia máis nova.

Letra: Pepe Chao

Música: Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero) / A Quenlla

MEMORIA DA PASCUA

Exeria.- Entramos ao centro da celebración desta romaxe, e vouvos presentar as persoas que nos van acompañar neste noso rito fundacional. Preséntovos a Tomé, o home que se fixo famoso por dubidar, o que cando lle contaron da resurrección do mestre dixo aquilo de “se non o vexo non o creo”

Romaxe.- Bo día Tomé!

Tomé.- Ola, bo día, Romaxe. Estouvos oíndo e teño que dicir que aos homes, en xeral, nun primeiro momento, custounos moito crer e entender a mensaxe de resurrección que as mulleres traían do sepulcro. Confésovos que estiven cheo de dúbidas...

Exeria.- Sabede, Romaxe, que na miña viaxe axeonlleime diante da tumba de Tomé, en Edesa, na actual Turquía, e lin o seu Evanxeo, para remoer amodiño as nosas contradicións eclesiais.

Tamén vos quero presentar á miña amiga Marthana, a quen coñecín en Xerusalén e logo visitei en Seleucia, cando xa viña de volta para a terra. Marthana é diácona e dirixe varias comunidades monásticas de mulleres.

Romaxe.- Benvida Marthana!

Marthana.- Que alegría, Exeria, estar aquí, na túa terra, tan diferente da miña. Fíxemonos moi amigas en Xerusalén, por iso, en canto me chamaches, aquí vin. Bo día Romaxe!! Tomé e eu vímosvos traer o novo aire das cousas que empezan cando aínda non hai nada.

Exeria.- Marthana, hoxe ti, como diácona acollida na comunidade, encargaras-te da parte eucarística da celebración, co apoio de todas e todos.

Romaxe.- Sen comunidade,
sen sororidade,
non hai eucaristía!

Guieira/o.- Si, por iso imos poñer a mesa no medio da asemblea, o lugar que por xustiza lle corresponde, e pegadiña á terra, a nosa terra galega!

(Pilar, Reme, Carme, Tomé e Marthana preparan a mesa poñendo mantel e flores, pan e viño)

Romaxe. Preparamos a mesa
no medio de nós,
a rentes da terra.
Para facer memoria agradecida
da xente que desenvolve
proxectos de Igrexa nas aldeas.

Marthana.- Pegadas á terra para lembrar tamén que a eucaristía naceu para celebrar un novo principio, unha resurrección. Eu véñovos contar hoxe a tradición que as miñas irmás me ensinaron. Cando mataron a Xesús, parecía que todo estaba rematado, perdido... As mulleres ían ao sepulcro preguntando “Quen nos vai mover a pedra?” (Mc 16,3).

Romaxe.- Quen vai mover as pedras?
Os atrancos que impiden
que o mundo sexa Reino de Deus?

Marthana.- As mulleres, as miñas antecesoras, botáronse xuntas ao camiño, cheas de esperanza, dispostas a loitar pola vida, inspiradas pola posibilidade dunha igrexa sen exclusións, fiel, profética, acolledora...

Guieira/o.- Ese andar recorrémolo moitas veces tamén nós desde aquela mañá de Pascua. Unha e outra vez temos que botarnos a andar cara ao que parece morto, cara ás pedras, agardando a resurrección.

Marthana.- Por iso, quero que cerredes os ollos e pensedes nas pequenas loitas que desde abaixo, desde o pequeno, sostemos na esperanza do Reino de Deus. Pensade en silencio e facédeas presentes cunha palabra, cun nome, arredor desta mesa.

Romaxe.- *(Pensa nos proxectos de Reino nos que está inserido, os pequenos xermolos de Reino no medio de nós. Cunha palabra nomeamos eses pequenos proxectos)*

Exeria.- Isto conecta tamén con outra loita pequena e desde abaixo: a Revolta das Mulleres na Igrexa. Un movemento vivo no que resoa a ansia de xustiza e dignidade, pola igualdade real na Igrexa.

Tomé.- Aquelas mulleres que viviron a experiencia de seren tratadas por Xesús como iguais, hoxe, ante esta mesa, tamén nos están impulsando para transformar a Igrexa e a sociedade ata que a igualdade sexa costume.

Pilar.- Aquí ante a mesa están tamén as monxas que nos anos 70 e 80 deixaron os seus conventos urbanos para convertérense en testemuñas de vida e autoridade na aldea.

Carme.- E os proxectos novos que agroman e precisan de toda a forza para se consolidar e avanzar.

Marthana.- Romeiros, romeiras, achegádevos á mesa posta polas xentes de Brión, que hoxe nos acollen na súa casa. Este é o centro da Romaxe, o centro da Memoria e da Historia de Salvación. En igualdade e circularidade, esta mesa que é pan e viño para o famento e sedento de Vida.

Guieira/o.- Así tamén nós, nesta pobre Romaxe, que por veces parece que esmorece, estamos a un tris de ver a gloria da Resurrección. Por iso cantamos:

CANCIÓN: Sororidade e Terra

Somos irmás, somos irmáns,
unir para medrar.
En roda, así,
collémonos das mans.

A terra e nós
ao mesmo son,
sororidade, irmás.
Vou xunto a ti,
vés xunto a min,
vivir para medrar.

Ninguén e máis, só compartir,
facer camiño, andar.
Se a noite vén,
Alumarán
os ollos a brillar.

Somos irmáns, somos irmás,
vivir para medrar.
Somos irmás, camiñando da man.

Minia aquí está, Exeria está (ou 'igual'),
Connosco sempre irán.

Somos irmás, partindo o pan.
Sororidade e pan,
sororidade e paz.

Letra: Marica Campo
Música: Baldomero Iglesias Dobbarrio (Mero)

Tomé.- Arredor dunha mesa coma esta, cando parecía que todo estaba perdido, rodeado dos homes e mulleres, amigos e amigas que o seguiron ata o final, Xesús colleu un anaco de pan e un pouco de viño, bendiciunos e, dando grazas ao Pai pola súa vida, pola amizade, pola comunidade, convidounos e convidanos a todos e todas ao longo dos tempos.

Marthana.- Arredor desta mesa están as esperanzas de tantas mulleres e homes que viven defendendo a aldea, defendendo a posibilidade da dignidade de ser terra, humus, camiño dunha Galicia anovada desde abaixo.

Romaxe.- E a pedra moveuse,
e as mulleres volveron correndo,
con tanto que dicir e compartir...

Tomé.- Os discípulos, que quedaramos pechados no medo, abrímoslles a porta ás mulleres, pero custounos máis abrir as nosas mentes e os nosos corazóns: “non acreditamos en vós, non vos cremos”.

Marthana.- As nosas nais quedaron sen alento, sen alento no máis fondo do seu ser. “Como é posible que non creades algo que é tan certo?”

Exeria.- E houbo bágoas de frustración naquelas mulleres avergoñadas dos seus talentos. As mesmas bágoas de rabia que corren polas nosas caras cando se nos di que non, cando se nos pechan as portas, cando non se queren poñer nos nosos corazóns.

Tomé.- Vendo a frustración das mulleres Pedro e Xoán preguntaron: “e se teñen razón?” e correron tras delas ao sepulcro. Alí viron, souberon, sentiron o que as mulleres dicían.

Marthana.- E viron a pedra removida, e no ar a promesa dun novo amencer. Xa non hai carreiros, todo é prado. Xa non hai portas pechadas, senón casas abertas.

Romaxe.- Xa non hai morte,
senón vida abundante!

Tomé.- E quixemos ver, e compartir a alegría sen medo ás bágoas. Deixamos de poñernos á defensiva, reencontramos a nosa forza de vida e comezamos a florecer.

Marthana.- E dende aquel día, celebramos o xesto que nos convida e alimenta, que Xesús nos ensinou e que repetimos na súa memoria. Collemos un anaco de pan, partímolo e todas e todos dicimos: (*Marthana parte o pan mentres a Romaxe di*)

Romaxe.-

**Pan e viño,
corpo e sangue de salvación,
que se parte e reparte
como signos de bendición e de perdón.
Facemos este xesto, Señor,
como ti nos dixeches,
en memoria túa.**

Marthana.- E así, con este simple xesto, constituímonos en comunidade de vida e amor, chamada a estender o Reino polo mundo enteiro. Ímosvos achegar pan e viño para que todas compartades esta común-unión.

Romaxe.- E mentres comemos,
lembramos a aqueloutra muller
que dende o pequeno da súa casa,
falando coa veciña,
nos deixou o primeiro manifesto
do Reino de paz e xustiza.

CANCIÓN: A Rianxeira

A virxe de Guadalupe
dixo a Deus cando era nena
Magníficat pois te fixas
en min sendo eu pequena.

Érgue-los pobres e humildes
pois de todos é-lo dono
poderosos e soberbios
perden o mando e o trono.

Han ter bandullo baleiro
os agora farturentos
has da-lo pan cada día
aos que agora están famentos.

Diranme tódalas xentes,
aínda sendo humildosa
que entre todas as mulleres
son eu bendita e fermosa.

Pois somos fillos de Abraham(he)
descendencia de Israel(e)
farás da nosa Galicia
un país de leite e mel(e)

Ti que sacaches do ventre
froito novo e verdadeiro,
fainos fillos desta terra
no medio do mundo enteiro

Letra: Pepe Chao
Música popular

ACCIÓN DE GRAZAS

Guieira/o.- Nesta memoria agradecida, as palabras de Manolo Regal poñen letra ao que anda polos nosos corazóns, como fai cada semana nos podcast do oracional galego *Nas túas mans*.

Romaxe.- Ante ti, Deus Pai e Deusa Nai nosa,
fonte de toda fecundidade,
xuntámonos en romaxe agradecida,
loitadora, esperanzada.

Guieira/o.- Grazas por todas e todos nós,
no que temos de luz e de promesa.
Grazas por santa María de Nazaré,
humildísima e fecunda muller labrega,
Grazas polas mulleres aldeás de Galicia e do mundo,
tantas veces alento de familias e parroquias desde as sombras.

Exeria.- Grazas polas monxas que, en humilde rebeldía, encheron de gozo e esperanza os camiños das aldeas. Grazas por todas as mulleres de campo, vilas e cidades, por teren dito non a tanto abuso e esquecemento. Grazas por todas e todos nós aquí presentes, empoderadas nunha nova maneira de sermos mulleres e homes profesando diferenzas e desexando unidades.

Romaxe.- Nesta hora crucial,
dura e doce, santa,
na túa presenza amable e alentadora,
dándonos estas habelenciosas mans de irmá, de irmán,
xuramos e prometemos:
(dámonos as mans)

Marthana.- relacionarnos na verdade, no respecto e na tenrura, renunciar a todo privilexio e discriminación, corrixirnos co mesmo vigor co que nos queremos, querernos coas formas máis nobres e simples do amor, ser pacientes e loitadoras con toda clase de fragilidade,

Tomé.- poñernos sempre, en todo, do lado da xente empobrecida, ser man que bendice e que perdoa, man unida a outra mans para que a xustiza nos governe; defendernos mutuamente sabéndonos un todo sen costura, converter en gozos as amarguras causadas, medrarmos como amigas, como amigos, facer da amizade unha aposta social, política, camiñar humildemente, sen ganas de dominios, enriquecernos coa nosa aposta pola pobreza solidaria.

Guiero/a.- E así, de aperta en aperta, ata a comunión total, cando Deus sexa todo en todas e todos, e todas e todos nos atopemos en Deus coa nosa plenitude

Exeria.- Seguindo os pasos de Xesús na vida,

Tome.- seguindo os pasos de Xesús na morte,

Marthana.- seguindo os pasos de Xesús na nosa iluminación final.

Romaxe.- Amén. Amén. Amén.

BERRO SECO

Guieira/o.- Para erguer a comunidade do Reino na nosa terra, fai falla que bostemos fóra tres males que nos afogan e non nos deixan avanzar. Que estes berros nos fagan caer na conta de que se non lle damos cabida entre nós ao desalento teremos dado o primeiro paso para a resurrección. Abaixémonos e subamos nun berro forte que bote fóra os males.

BERRO 1. O noso primeiro berro vai contra o clericalismo que afoga as comunidades e non deixa que o espírito sobre. Eses cregos que fan do seu poder a razón da pastoral, que non se sitúan en circularidade e son tapóns que impiden que a comunidade medre.

BERRO 2. O noso segundo berro vai contra a autosuficiencia dos que din non precisar a comunidade, contra o individualismo que nos illa. Queremos non dar cabida en nós ás actitudes de desconexión, queremos ser e formar comunidade.

BERRO 3. O terceiro berro é un berro en positivo, que nos una nesta romaxe. Vai dedicado a todas aquelas persoas que enriquecen e fan medrar a convivencia entre pobos e persoas, entre as persoas e o medio natural, as que nos fan caer na conta da necesidade do diálogo entre nós e coa terra.

ENTREGA DO RAMO

A RUMBOIA DA REVOLTA

Heime chegar á Romaxe,
estamos todas en loita,
e na loita seguiremos,
Liderando esta revolta

Oh lindo lindo, oh miña xoia
Vente comigo, imos face-la revolta
Viva a revolta, revolta viva
Viva a revolta, revolta da miña vida

Ai señor cura, hai señor cura, vaia pra casa
Que aquí están, que aquí están as mullerazas!

Se as mulleres na igrexa,
non temos autoridade
Imos face-la revolta
E deixarmos de limpare

Anda Xoana, dálle unha volta,
 trae as amigas, imos face-la revolta.
 Viva a revolta, revolta viva,
 viva a revolta revolta da miña vida.

Ai señor cura, hai señor cura, vaia pra casa
 Que aquí están, que aquí están as mullerazas!!!

As teólogas feministas
 sonche mulleres valiosas,
 na festa da rumbeirada
 con elas temos revolta.

Oh lindo lindo, oh miña xoia
 Vente comigo, imos face-la revolta
 Viva a revolta, revolta viva
 Viva a revolta, revolta da miña vida

Ai señor cura, hai señor cura, vaia pra casa
 Que aquí están, que aquí están as mullerazas!

Hoxe ás máis liberadas,
 queren ser Igrexa Viva,
 Nin floreiros nin criadas
 E non limpar sacristías

Anda Xoana, dálle unha volta,
 trae as amigas, imos face-la revolta.
 Viva a revolta, revolta viva,
 viva a revolta revolta da miña vida.

Ai señor cura, hai señor cura, vaia pra casa
 Que aquí están, que aquí están as mullerazas!

Letra: A Revolta das Mulleres na Igrexa
 Música tradicional

CANCIÓNS

NON VOU SO

Unha certeza nos guía
ao longo do camiñar
por iso imos a Ti,
alegremente cantar (2v).

Non vo só,
teño un amigo comigo;
non vo só,
eu sei que Deus está comigo

AI AMOR

Que lonxe, que lonxe estás
canta terra entre nós dous,
peno dende que te fuches
ai amor, ai amor

Cando busco nos teus ollos
bagóame o corazón,
cantas cousas non pasaron
ai amor, ai amor

PASARON MESES E ANOS

E A MOCEDADE PASOU

MIDO POR NOITES O TEMPO

AI AMOR, AI AMOR

Por ti agardo cada día

ateigada de ilusión

ven axiña, volta a mi,

ai amor, ai amor

CARTAS VAN E CARTAS VEÑEN

E AS PALABRAS TINTA SON,

QUERO ESCOITA-LA TUA VOZ,

AI AMOR AI AMOR

VERBAS PARA UN IRMAU


Escoita irmao as miñas verbas
 son sinxelas e impuras,
 como as verbas feridas
 co coitelo dos beizos... cada día
 Escoita irmao as miñas verbas
 vouche decir tan só que teño
 a miña mau tendida aberta
 núa e viva como o mar
QUE TEÑO IRMAU,
MADURO O CORAZÓN,
PRA GARDAR NEL,
AS VERBAS TÚAS.
QUE A VIDA É MOI
FERMOSA
AÍNDA QUE HAI HOMES
QUE TEÑEN
OS BEIZOS EMPORCADOS
CON VERBAS DE FALSÍA
 Que importa irmau,
 que morra o día
 se a súa morte abre en Nós,
 abre en Nós a esperanza
 a esperanza do mencer.
QUE TEÑO IRMAU...
 Non temas,
 aínda o paxaro ten cancións
 e as estrelas
 se acenden cada noite

A RUMBOIA

Heime de casar pa Castro
 terriña de moita leña
 hei de tragner un feixiño
 pra cando a rumboia veña.
ANDA XUANA, ARDECHE A TROIA
VENTE CONMIGO,
BAILARÉMO-LA RUMBOIA
VIVA A RUMBOIA, RUMBOIA VIVA
VIVA A RUMBOIA
ANQUE SEA NOITE E DIA.
 Miña comadre Polonia
 non vin muller coma ela
 os osos dallos ó home
 a carne cómea ela.
HOU LINDO, HOU LINDO
HOU MIÑA XOIA
IMOS A LUGO BAIARÉMOLA RUMBOIA
VIVA A RUMBOIA, RUMBOIA VIVA
VIVA A RUMBOIA,
RUMBOIA DA MIÑA VIDA
 Tódolos carabineiros
 dormen cos pés a xiada
 e dalí ó outro día
 a festa da rumbeirada
ANDA XUANA.....

**Asociación
Irimia**

**XLV Romaxe de Crentes Galegos/as
Carballeira de Santa Minia, Brión
sábado 09 de setembro de 2023**



www.irimia.gal